




# MUÍÑOS DO FOLÓN E PICÓN


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 3 km (circular). 8 km desde O Rosal.

**Dificultade:** media

**Duración:** 2 horas



Muíños do Picón



Unha ruta no concello do Rosal que nos permite percorrer un dos conxuntos de muíños máis numeroso e singular do país formado por dous grupos. Os do Picón son 25 muíños que aproveitan a mesma canle de auga. Os do Folón son un 36 muíños encadeados de xeito que a auga que sae de un é aproveitada polo seguinte. Aparecen citados en documentos do século XVII e foron declarados pola Xunta de Galicia como “Bens de Interese Cultural”.

A zona está indicada e habilitada para facer rutas de sendeirismo.

**COMO CHEGAR:** desde O Rosal está indicado e unha ruta circular permite percorrer un conxunto ao subir e outro ao baixar. Na época de chuvias pódese gozar tamén dalgunha ferverza.



Muíños do Folón